

ACTA Nº: 23 / 2023

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE DE 21.07.2023

EXPEDIENTE GD: 9463/2023

LUGAR: Sesión celebrada no Salón de Plenos do Concello de Ames, de forma presencial.

DÍA: 21.07.2023

HORA DE COMEZO: 13:00 h.

HORA DE FINALIZACIÓN: 13:15 h.

PERSOAS ASISTENTES:

Grupo municipal Socialista	José Blas García Piñeiro
	Gustavo Nieto Santiago
	Victor Manuel Fernández Prieto
Grupo municipal Popular	Mª Belén Castro Montenegro
	Ana Mª Coto Souto
Grupo municipal BNG	Escarlata Pampín López
	Alexandre Espinosa Menor
Grupo municipal Espazo Común	Luisa Feijóo Montero

Actúa como **presidente** José Blas García Piñeiro, alcalde; e como **secretaria** Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames.

ORDE DO DÍA:

Punto primeiro. Toma de coñecemento da composición da Comisión Informativa permanente de Desenvolvemento urbano e sostible. Expediente GD 8454/2023.

Punto segundo. Delegación da presidencia da Comisión Informativa permanente de Desenvolvemento urbano e sostible. Expediente GD 8454/2023.

Punto terceiro. Aprobación do Regulamento para a xestión do Ciclo Integral da Auga (CIA) do Concello de Ames. Expediente GD 5495/2023.

Punto cuarto. Aprobación do proxecto de pavimentación viario en Ínsua, Agrón, Ames, Plan AGADER 2023-2024. Expediente GD 2710/2023.

Punto quinto. Aprobación do proxecto de pavimentación viario en Raíces, Biduído, Ames, Plan AGADER 2023-2024. Expediente GD 2710/2023.

Punto sexto. Aprobación do proxecto eficiencia enerxética, iluminación pública Polígono Industrial Milladoiro, Ames. Expediente GD 9459/2023.

Punto sétimo. Expediente de investigación patrimonial camiño en Carballo. Ames. Expediente GD 3043/2020.



PUNTO PRIMEIRO. TOMA DE COÑECEMENTO DA COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE. EXPEDIENTE GD: 8454/2023

En sesión plenaria de organización da Corporación local que tivo lugar o día 28 de xuño de 2023 acordouse que a Comisión Informativa Permanente de Desenvolvemento urbano e sostible tería a seguinte composición:

Presidente: alcalde.

3 representantes do grupo municipal socialista (incluído o presidente)

2 representantes do grupo municipal popular

2 representantes do grupo municipal BNG

1 representante do grupo municipal unipersoal Espazo Común

O alcalde é o presidente nato de todas as Comisións Informativas permanentes, porén a presidencia efectiva poderá delegarse en calquera membro da Corporación a proposta da propia comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

Os grupos municipais socialista, popular e BNG designaron os seus representantes. O grupo municipal ESCO ten dereito a participar en tódalas comisións informativas coa súa única representante por aplicación do artigo 10.4 ROM. Por todo o que antecede, a composición da comisión informativa de Desenvolvemento urbano e sostible é a seguinte:

Presidente: José Blas García Piñeiro

3 representantes do grupo municipal socialista (incluído o presidente): José Blas García Piñeiro, Gustavo Nieto Santiago e Víctor Manuel Fernández Prieto.

2 representantes do grupo municipal popular: Roberto Martínez Viaño e Pablo Beiroa Pampín. Como suplente calquera concelleiro/a do grupo.

2 representantes do grupo municipal BNG: David Santomil Mosquera e Alexandre Espinosa Menor. Como suplentes Natividad González Rodríguez, Escarlata Pampín López e Rosalía Seijas Tuñas.

1 representante do grupo municipal ESCO: Luisa Feijóo Montero.

PUNTO SEGUNDO. DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE. EXPEDIENTE GD: 8454/2023

A proposta da Alcaldía de que a presidencia efectiva da comisión informativa permanente de Desenvolvemento urbano e sostible se delegue no concelleiro Gustavo Nieto Santiago acada o apoio unánime da comisión.

No caso de que o presidente non poda asistir a presidencia será asumida polo alcalde.

PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DO REGULAMENTO PARA A XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA (CIA) DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 5495/2023.

A proposta da Alcaldía para a aprobación do Regulamento para a xestión do Ciclo Integral da Auga (CIA) é ditaminada favorablemente por maioría simple, cos votos a favor dos tres concelleiros do grupo municipal socialista (José Blas García Piñeiro, Gustavo Nieto Santiago, Víctor Manuel Fernández Prieto), e coa abstención das dúas concelleiras do grupo municipal popular (M^a Belén Castro Montenegro, Ana M^a Coto Souto), dos/as concelleiros/as do grupo municipal BNG (Escarlata Pampín López, Alexandre Espinosa Menor) e da concelleira do grupo municipal Espazo Común (Luisa Feijóo Montero).



PUNTO CUARTO. APROBACIÓN DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN VIARIO EN ÍNSUA, AGRÓN, AMES, PLAN AGADER 2023-2024. EXPEDIENTE GD 2710/2023.

A proposta da Alcaldía para a aprobación do proxecto de pavimentación viario en Ínsua, Agrón, Ames, plan Agader 2023-2024 é ditaminada favorablemente por maioría simple, cos votos a favor dos tres concelleiros do grupo municipal socialista (José Blas García Piñeiro, Gustavo Nieto Santiago, Víctor Manuel Fernández Prieto), e coa abstención das dúas concelleiras do grupo municipal popular (M^a Belén Castro Montenegro, Ana M^a Coto Souto), dos/as concelleiros/as do grupo municipal BNG (Escarlata Pampín López, Alexandre Espinosa Menor) e da concelleira do grupo municipal Espazo Común (Luisa Feijóo Montero).

PUNTO QUINTO. APROBACIÓN DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN VIARIO EN RAÍCES, BIDUÍDO, AMES, PLAN AGADER 2023-2024. EXPEDIENTE GD 2710/2023.

A proposta da Alcaldía para a aprobación do proxecto de pavimentación viario en Raíces, Biduído, Ames, plan Agader 2023-2024 é ditaminada favorablemente por maioría simple, cos votos a favor dos tres concelleiros do grupo municipal socialista (José Blas García Piñeiro, Gustavo Nieto Santiago, Víctor Manuel Fernández Prieto), e coa abstención das dúas concelleiras do grupo municipal popular (M^a Belén Castro Montenegro, Ana M^a Coto Souto), dos/as concelleiros/as do grupo municipal BNG (Escarlata Pampín López, Alexandre Espinosa Menor) e da concelleira do grupo municipal Espazo Común (Luisa Feijóo Montero).

PUNTO SEXTO. APROBACIÓN DO PROXECTO EFICIENCIA ENERXÉTICA, ILUMINACIÓN PÚBLICA POLÍGONO INDUSTRIAL MILLADOIRO, AMES. EXPEDIENTE GD 9459/2023.

A proposta da Alcaldía para a aprobación do proxecto de eficiencia enerxética, iluminación pública Polígono Industrial Milladoiro, Ames, é ditaminada favorablemente por maioría simple, cos votos a favor dos tres concelleiros do grupo municipal socialista (José Blas García Piñeiro, Gustavo Nieto Santiago, Víctor Manuel Fernández Prieto), e coa abstención das dúas concelleiras do grupo municipal popular (M^a Belén Castro Montenegro, Ana M^a Coto Souto), dos/as concelleiros/as do grupo municipal BNG (Escarlata Pampín López, Alexandre Espinosa Menor) e da concelleira do grupo municipal Espazo Común (Luisa Feijóo Montero).

PUNTO SÉTIMO. EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN PATRIMONIAL CAMIÑO EN CARBALLO. AMES. EXPEDIENTE GD 3043/2020.

A proposta da Alcaldía para a aprobación do expediente de investigación patrimonial Camiño en Carballo, Ames, é ditaminada favorablemente por maioría simple, cos votos a favor dos tres concelleiros do grupo municipal socialista (José Blas García Piñeiro, Gustavo Nieto Santiago, Víctor Manuel Fernández Prieto), e coa abstención das dúas concelleiras do grupo municipal popular (M^a Belén Castro Montenegro, Ana M^a Coto Souto), dos/as concelleiros/as do grupo municipal BNG (Escarlata Pampín López, Alexandre Espinosa Menor) e da concelleira do grupo municipal Espazo Común (Luisa Feijóo Montero).

Sen mais asuntos que tratar o presidente remata a sesión de todo o que eu, como secretaria, deixo constancia.

O presidente

A secretaria accidental

José Blas García Piñeiro

Concepción Vilas Cantelar